

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN

16551 *Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, polo que se regula o concurso de traslados de ámbito estatal entre persoal funcionario dos corpos docentes recollidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e outros procedementos de provisión de prazas para seren cubertas por estes.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ten como obxectivo esencial a existencia de proporcionar unha educación de calidade para todos e entre todos. Segundo se sinala no seu preámbulo, un dos seus principios orientadores refírese á necesidade de que todos os compoñentes da comunidade educativa colaboren para conseguir ese obxectivo, indicando expresamente que as políticas dirixidas ao profesorado constitúen un dos elementos máis valiosos e decisivos á hora de lograr a eficacia e a eficiencia dos sistemas de educación e de formación.

O artigo 2.3 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, determina que o persoal docente se rexerá pola lexislación específica ditada polo Estado e polas comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias e polo previsto no dito estatuto, coas excepcións recollidas no mencionado artigo 2.3.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), establece as bases do réxime estatutario da función pública docente que, de conformidade coa doutrina do Tribunal Constitucional, comprenderán as normas relativas ao «ingreso, a mobilidade entre os corpos docentes, a reordenación dos corpos e escalas, e a provisión de prazas mediante concursos de traslados de ámbito estatal» (número 1 da disposición adicional sexta).

Certamente, a LOE presta unha especial atención ao réxime xurídico do concurso de traslados de ámbito estatal. Con carácter xeral, o número 3 da disposición adicional sexta establece que, periodicamente, as administracións educativas convocarán concursos de traslados de ámbito estatal, para efectos de proceder á provisión das prazas ou postos vacantes que determinen nos centros docentes de ensino dependentes daquelas, así como para garantir a posible concorrencia do persoal funcionario do seu ámbito de xestión a postos doutras administracións educativas e, cando proceda, a adxudicación daquelas que resulten do propio concurso. Nestes concursos poderán participar todas as funcionarias e funcionarios públicos docentes, calquera que sexa a Administración educativa de que dependan ou pola que ingresaron, sempre que reúnan os requisitos xerais e os específicos que, de acordo cos respectivos cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, establezan as ditas convocatorias. En todo caso, nos concursos de traslados de ámbito estatal teranse en conta as especialidades docentes (número 2 da disposición adicional sétima).

As convocatorias dos concursos de traslados de ámbito estatal faranse públicas no «Boletín Oficial del Estado» e nos diarios oficiais das comunidades autónomas convocantes e incluirán un único baremo de méritos. Entre os méritos que se terán en conta deberanse contar os cursos de formación e perfeccionamento superados, calquera que sexa a Administración educativa que os organice, os méritos académicos e profesionais, a antigüidade, a pertenza a algún dos corpos de catedráticos, e a avaliación voluntaria da función docente. Ademais, o artigo 139.2 da LOE recolle que nos procedementos de provisión de postos de traballo, incluídos os concursos de ámbito estatal, deberase valorar especialmente o exercicio dos cargos directivos e, en todo caso, do cargo de director.

Pero, ademais, a Lei orgánica de educación contén previsións de carácter básico referidas á participación do persoal funcionario docente noutros procedementos de provisión de postos de traballo. Así, determínase que o persoal funcionario dos

correspondentes corpos de catedráticos de ensino secundario, de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño participarán nos concursos de provisión de postos conxuntamente co funcionariado dos corpos de profesores dos niveis correspondentes, ás mesmas vacantes, sen prexuízo dos méritos específicos que lles sexan de aplicación pola súa pertenza aos mencionados corpos de catedráticos (número 5 da disposición adicional oitava). Así mesmo, establécese que a provisión de postos por persoal funcionario docente nos centros superiores de ensinanzas artísticas se realizará por concurso específico, de acordo co que determinen as administracións educativas (número 5 da disposición adicional sexta).

En calquera caso, o inciso final do punto primeiro da disposición adicional sexta habilita expresamente o Goberno para desenvolver regulamentariamente estas previsións legais «naqueles aspectos básicos que sexan necesarios para garantir o marco común básico da función pública docente».

Ata agora, o marco regulamentario que rexía a mobilidade do persoal funcionario docente estaba integrado fundamentalmente por dúas disposicións: o Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro, polo que se regulan os concursos de traslados de ámbito nacional para a provisión de prazas correspondentes aos corpos docentes, e o Real decreto 895/1989, do 14 de xullo, polo que se regula a provisión de postos de traballo en centros públicos de preescolar, educación xeral básica e educación especial.

Ambas as disposicións requiriron sucesivas modificacións para se adecuar, nun primeiro momento, ao efectivo traspaso ás comunidades autónomas das competencias en materia de xestión educativa e, posteriormente, ao novo marco legal implantado pola LOE. Así, aprobáronse o Real decreto 1664/1991, do 8 de novembro, de modificación do Real decreto 895/1989, ou o Real decreto 1964/2008, do 28 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro.

Este real decreto persegue dous obxectivos: por un lado, revisar e refundir toda a normativa básica estatal de provisión de postos de traballo vixente, por evidentes razóns de seguridade xurídica, pero tamén pretende introducir novidades que permitan mellorar a eficacia dos procedementos de mobilidade das funcionarias e funcionarios docentes. As principais novidades refírense ao concurso de traslados de ámbito estatal e fan referencia, por exemplo, á unificación dos baremos de méritos ou á regulación da participación do persoal funcionario en prácticas.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as administracións educativas das comunidades autónomas a través da Conferencia de Educación así como as organizacións sindicais, e emitiron informe a Comisión Superior de Persoal e o Ministerio de Política Territorial. Así mesmo, conta co ditame do Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de outubro de 2010,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O obxecto deste real decreto é:

a) Establecer as normas básicas polas que se rexe o concurso de traslados de ámbito estatal en que participan as funcionarias e os funcionarios dos corpos docentes previstos no número 1 da disposición adicional sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

b) Regular outros procedementos de provisión de prazas ou postos docentes dependentes das distintas administracións educativas.

2. A provisión de postos no exterior rexerese pola súa normativa específica.

3. O persoal dos corpos docentes a que se refire o número 1.a) poderá ocupar outros postos de traballo na Administración de acordo cos procedementos establecidos na lexislación correspondente.

CAPÍTULO II

Procedementos de provisión de prazas e postos docentes

Artigo 2. *Concurso.*

1. O concurso é o procedemento normal de provisión das prazas ou postos vacantes dependentes das administracións educativas, para seren cubertas polo persoal docente.

O persoal funcionario docente que obteña unha praza ou posto por concurso deberá permanecer nela un mínimo de dous anos desde a súa toma de posesión, para poder participar en sucesivos concursos de provisión de prazas ou postos.

2. De conformidade co número 4 da disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, durante os cursos escolares en que non se realicen os concursos de ámbito estatal, as administracións educativas poderán desenvolver procedementos de provisión referidos ao ámbito territorial cuxa xestión lles corresponda, destinados á cobertura das súas prazas ou postos, todo isto sen prexuízo de que en calquera momento poidan realizar procesos de redistribución ou de recolocación do profesorado dependente delas.

Artigo 3. *Comisións de servizo.*

1. Con carácter extraordinario, as administracións educativas poderán destinar en comisión de servizos a postos do seu ámbito de xestión o persoal funcionario de carreira dependente doutra Administración educativa, sempre e cando conte coa autorización dela e cumpra os requisitos para os postos de traballo de debe ocupar.

A data de inicio de toma de posesión destas comisións farase coincidir coa que a Administración educativa que concede a comisión establececese para a incorporación aos seus centros, con ocasión do comezo do curso, aos profesores que obtivesen novo destino neles.

2. As comisións de servizo que se concedan ás funcionarias e aos funcionarios a que se refire este real decreto non poderán exceder o comezo do curso escolar seguinte a aquel en que se concedan.

Artigo 4. *Mobilidade por razón de violencia de xénero.*

1. As funcionarias vítimas de violencia de xénero que para facer efectiva a súa protección ou o dereito á asistencia social integral se vexan obrigadas a abandonar a praza ou posto onde prestaban os seus servizos terán dereito ao traslado a outra praza ou posto propio do seu corpo, de análogas características, sen necesidade de que sexa vacante de necesaria cobertura. Aínda así, a Administración educativa competente estará obrigada a lles comunicar as vacantes que hai na mesma localidade ou nas localidades que as interesadas expresamente soliciten.

2. De concorreren as circunstancias previstas legalmente, o órgano competente adxudicará unha praza ou posto propio do seu corpo e especialidade. Esta adxudicación terá carácter definitivo cando a praza ou posto ocupado pola funcionaria teña tal carácter. Este traslado terá a consideración de traslado forzoso.

3. Nas actuacións e procedementos relacionados coa violencia de xénero protexerase a intimidade das vítimas, en especial os seus datos persoais, os dos seus descendentes e os de calquera persoa que estea baixo a súa garda ou custodia.

Artigo 5. *Reingreso ou reincorporación á actividade docente.*

1. O persoal funcionario de carreira que desempeñase un posto de traballo noutros ámbitos da Administración solicitará o reingreso ou a reincorporación á actividade docente á Administración educativa en cuxo ámbito de xestión tivese o seu último destino docente. Este persoal funcionario, no suposto de que perdesse a praza docente que desempeñaba con carácter definitivo ou se o último destino docente desempeñado non tivese carácter definitivo, queda obrigado a participar nos concursos que convoquen as administracións educativas ata a obtención dun destino definitivo.

2. Nos supostos en que exista reserva de praza, o reingreso ou a asignación de praza efectuarase directamente á mesma con carácter definitivo e, de ter sido esta suprimida, asignarase unha praza con carácter provisional a outra das correspondentes ao seu corpo e especialidade, da mesma localidade ou ámbito territorial, e manterá, en todo caso, os dereitos que lle puidesen corresponder como titular da praza suprimida.

Artigo 6. *Provisión de prazas en centros superiores de ensinanzas artísticas.*

1. A provisión de prazas ou postos por funcionarias e funcionarios docentes nos centros superiores de ensinanzas artísticas realizarase por concurso específico, de acordo co que determinen as administracións educativas.

2. As administracións educativas convocarán estes concursos con carácter de concursos de traslados de ámbito estatal.

CAPÍTULO III

Concurso de traslados de ámbito estatal

Artigo 7. *Concurso de traslados de ámbito estatal.*

Con carácter bienal, as administracións educativas convocarán concursos de traslados de ámbito estatal, para efectos de proceder á provisión das prazas ou postos vacantes que determinen nos centros docentes de ensino dependentes daquelas, así como para garantir a posible concorrencia do profesorado do seu ámbito de xestión a prazas ou postos doutras administracións educativas e, se for o caso, a adxudicación daquelas que resulten do propio concurso.

Sección 1.^a Normas xerais

Artigo 8. *Normas procedementais.*

1. No primeiro trimestre do curso escolar en que se vaian realizar os concursos de traslados de ámbito estatal, o Ministerio de Educación, logo de consulta ás administracións educativas, establecerá as normas procedementais necesarias para permitir a súa realización coordinada, co fin de asegurar a efectiva participación en condicións de igualdade de todo o persoal funcionario docente, a través dun só acto e que da súa resolución non se poida obter máis que un único destino nun mesmo corpo.

2. As ditas normas procedementais establecerán, como mínimo:

- a) Os prazos comúns a que se deben axustar as convocatorias.
- b) O modelo básico de instancia.
- c) A data en que terá lugar a toma de posesión dos destinos adxudicados pola resolución destas.
- d) As especificacións do baremo único de méritos.

3. Nas mencionadas normas procedementais poderase regular ademais, co acordo previo das administracións educativas convocantes, calquera outro aspecto que se considere necesario sobre o contido ou desenvolvemento das convocatorias.

4. Durante a tramitación destas convocatorias e ata a súa resolución definitiva, corresponderá á Comisión de Persoal da Conferencia de Educación asegurar a debida coordinación na xestión dos procedementos convocados polas diferentes administracións educativas. Para estes efectos, a Comisión poderá realizar consultas e emitir recomendacións. Cando as cuestións que sometan ao seu coñecemento afecten a igualdade nas condicións de participación ou os criterios de interpretación dos baremos de méritos, as resolucións que adopte terán carácter vinculante.

Artigo 9. *Convocatorias e postos ofertados.*

1. O Ministerio de Educación publicará no «Boletín Oficial del Estado» as convocatorias para prover prazas ou postos vacantes por concurso de traslados de ámbito estatal correspondentes ao seu ámbito de xestión territorial.

As convocatorias que realicen os órganos correspondentes das comunidades autónomas publicaranse nos seus respectivos boletíns ou diarios oficiais e no «Boletín Oficial del Estado». Neste último caso, a publicación no «Boletín Oficial del Estado» poderase substituír pola inserción nel dun anuncio en que se indique a Administración educativa convocante, o corpo ou corpos a que afecta a convocatoria, o boletín ou diario oficial en que se fai pública a convocatoria, o prazo de presentación de solicitudes e a data de inicio deste e o órgano ou dependencia a que as solicitudes se deben dirixir.

2. Nestas convocatorias deberanse incluír, polo menos, os tipos de prazas ou postos, os requisitos indispensables para desempeñalas, o baremo de méritos e a forma en que se farán públicas as súas resolucións, e non se poderá establecer unha puntuación mínima para a obtención dun destino definitivo.

3. As convocatorias das distintas administracións educativas poderán establecer que no órgano colexiado de carácter técnico, encargado da valoración dos méritos alegados polos participantes, poidan participar asesores ou especialistas que, sen formaren parte del, o asistan no exercicio das súas funcións. O dito órgano deberá axustar o seu funcionamento ás regras de imparcialidade e obxectividade. Na súa composición velarase polo principio de profesionalidade e especialidade ou especialización e adecuarase ao criterio de paridade entre muller e home, salvo que razóns fundadas e obxectivas o impidan.

Así mesmo, as convocatorias poderán establecer que as unidades de persoal das distintas administracións educativas colaboren co órgano técnico colexiado na valoración dos méritos, sempre que existan parámetros regrados para isto. Estas unidades realizarán estas funcións por delegación daqueles órganos, e proporcionaranlles os seus resultados para que os valoren.

4. Nos concursos ofertaranse os postos vacantes que determinen as administracións educativas, entre os que se incluírán, polo menos, os que se produzan ata o 31 de decembro do curso escolar en que se efectúe a convocatoria, así como aqueles que resulten do propio concurso sempre que, en calquera dos casos, a continuidade do seu funcionamento estea prevista na planificación educativa e en función dos criterios de estabilidade do profesorado nun mesmo centro que as administracións educativas poidan establecer.

Sección 2.^a *Requisitos e condicións de participación*

Artigo 10. *Requisitos xerais de participación.*

1. Nos concursos de traslados de ámbito estatal poderán participar, de conformidade co establecido neste real decreto e nas respectivas convocatorias:

a) As funcionarias e os funcionarios docentes de carreira dos corpos a que se refire o número 1 da disposición adicional sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, calquera que sexa a Administración educativa de que dependan ou pola que ingresaron.

b) As funcionarias e os funcionarios en prácticas seleccionados nos últimos procedementos selectivos convocados polas distintas administracións educativas.

2. As persoas participantes poderán solicitar as prazas ou postos correspondentes á especialidade ou especialidades docentes das cales sexan titulares, así como, se for o caso, aqueloutros que poidan solicitar por reuniren os requisitos establecidos nas correspondentes convocatorias.

3. O persoal funcionario dos corpos de catedráticos de ensino secundario, de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño participará nos concursos de provisión de postos conxuntamente co persoal funcionario dos corpos de profesores dos niveis correspondentes, ás mesmas vacantes, sen prexuízo dos méritos específicos que lles sexan de aplicación pola súa pertenza aos mencionados corpos de catedráticos.

4. Para os efectos de cómputo do prazo previsto no artigo 2.1 deste real decreto, ao persoal funcionario de carreira dos corpos de catedráticos de ensino secundario, de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño teráselle en conta o tempo que anteriormente permanecese na mesma praza ou posto como funcionario de carreira do respectivo corpo de profesores.

5. Todos os requisitos de participación, sen prexuízo do establecido no artigo 11 deste real decreto, así como os méritos alegados débense reunir na data de finalización do prazo de presentación de instancias, e débense acreditar na forma que se estableza nas respectivas convocatorias.

Artigo 11. *Participación voluntaria.*

Poderá participar nos concursos de traslados con carácter voluntario:

a) O persoal funcionario docente de carreira dos corpos a que correspondan as vacantes ofertadas, calquera que sexa a Administración de que dependa ou pola que ingresase, sempre que ao finalizar o curso escolar en que se realicen as convocatorias transcorresen, polo menos, dous anos desde a toma de posesión do último destino que desempeñe con carácter definitivo.

b) O persoal funcionario docente de carreira que se encontre na situación de excedencia voluntaria prevista na alínea a) do artigo 89 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, poderá participar sempre que, na mesma data a que se refire a alínea anterior, transcorresen, polo menos, dous anos desde que pasou á citada situación.

c) O persoal funcionario docente de carreira que se encontre na situación de suspenso, poderá participar, sempre que con anterioridade á mesma data a que se refiren as alíneas anteriores, concluíse o tempo de duración da sanción disciplinaria de suspensión.

Artigo 12. *Participación obrigatoria.*

Está obrigado a participar nos concursos de traslados:

a) O persoal funcionario docente de carreira que non teña un destino definitivo, así como aquel para o que así se estableza na normativa que lle sexa de aplicación, na forma que determinen as respectivas convocatorias. De non o facer, poderá ser destinado de oficio, dentro da comunidade autónoma en que preste servizos con carácter provisional, ás prazas ou postos obxecto do concurso para cuxo desempeño reúna os requisitos exixidos.

Aqueles que non obtivesen aínda o seu primeiro destino definitivo só poderán optar a prazas ou postos dependentes da Administración educativa a través da cal accederon ou ingresaron nos corpos docentes.

b) O persoal funcionario que finalice o período de tempo polo que foi adscrito a postos de traballo docentes españois no estranxeiro está obrigado, conforme a normativa que rexe a reincorporación a un destino en España, a participar, ata a obtención dun destino definitivo, en todos os concursos de traslados convocados pola Administración educativa en que prestaba servizos antes da súa adscrición. De non o facer, poderá ser destinado de oficio, dentro da comunidade autónoma en que tivo o seu último destino, ás prazas ou postos obxecto do concurso para cuxo desempeño reúna os requisitos exixidos.

c) O persoal funcionario que teña dereito preferente a obter destino nunha localidade ou ámbito territorial determinado, se desexa facer uso deste dereito ata que alcance aquel, deberá participar en todas as convocatorias que, para estes efectos, realicen as administracións educativas, na forma establecida nelas. De non participar, será tido por decaído do dereito preferente.

Artigo 13. *Participación do persoal funcionario en prácticas.*

1. Deberán participar nos concursos aqueles que, tendo sido declarados seleccionados nos procedementos selectivos convocados polas distintas administracións educativas, fosen nomeados funcionarias ou funcionarios en prácticas. Este persoal, conforme determinen as súas respectivas convocatorias de procedementos selectivos, está obrigado a obter o seu primeiro destino definitivo no ámbito de xestión da comunidade autónoma convocante e pola especialidade e, se for o caso, idioma ou perfil lingüístico por que foi seleccionado.

2. A adxudicación de destino a estes participantes farase tendo en conta a orde en que figuren no seu nomeamento como persoal funcionario en prácticas e a súa toma de posesión estará supeditada á superación da fase de prácticas.

Artigo 14. *Requisitos específicos para solicitar determinados postos.*

As administracións educativas, de acordo coa súa planificación educativa, poderán ofertar prazas ou postos para cuxa cobertura se requiran requisitos específicos na forma que se determinen nas correspondentes normas procedementais das respectivas convocatorias.

Artigo 15. *Comunidades autónomas con lingua propia de carácter oficial.*

Nas convocatorias para prazas ou postos dependentes de comunidades autónomas cuxa lingua propia teña carácter oficial poderanse establecer os requisitos legalmente exixibles en razón da cooficialidade das linguas.

Sección 3.^a *Dereitos preferentes e dereito de concorrencia*

Artigo 16. *Dereito preferente a centro.*

1. A funcionaria ou funcionario que tivese destino definitivo nun centro terá dereito preferente a obter un novo destino definitivo neste, cando se encuentre nalgún dos supostos descritos a continuación e pola orde de prelación en que se relacionan:

a) Por supresión da praza ou posto que desempeñaba con carácter definitivo nun centro, ata que obteña outro destino definitivo, sempre que reúna os requisitos exixidos para o seu desempeño, nas condicións que determinen as administracións educativas convocantes.

b) Por modificación da praza ou posto que desempeñaba con carácter definitivo nun centro, ata que obteña outro destino definitivo, sempre que reúna os requisitos exixidos para o seu desempeño, nas condicións que determinen as administracións educativas convocantes.

c) Por desprazamento dos seus centros por insuficiencia total de horario, nas mesmas condicións que os titulares dos postos suprimidos, de acordo co que determinen as administracións educativas convocantes.

d) Por adquisición de novas especialidades, ao abeiro do disposto nos reais decretos 850/1993, do 4 de xuño, 334/2004, do 27 de febreiro, e 276/2007, do 23 de febreiro, o profesorado dos corpos de catedráticos de ensino secundario, profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional, poderá obter un posto da nova especialidade adquirida no centro onde tivese destino definitivo. Unha vez obtido o novo posto só se poderá exercer este dereito con ocasión da adquisición doutra nova especialidade.

2. Cando concorran dúas ou máis funcionarias ou funcionarios de carreira en que se dean as circunstancias sinaladas no número anterior, adxudicarase a praza a aquel que conte con maior puntuación na aplicación dos baremos de méritos a que se refire o artigo 19. No suposto de que se produzan empates nas puntuacións utilizarase como primeiro criterio de desempate o maior tempo de servizos efectivos como funcionario de carreira no centro e, de resultar necesario, os demais criterios previstos no anexo I deste real decreto na orde en que aparecen neste.

3. Este dereito preferente implica unha prelación para obter destino fronte a aqueles que exerzan o dereito preferente a localidade ou ámbito territorial.

Artigo 17. *Dereito preferente a localidade ou ámbito territorial.*

1. A funcionaria ou funcionario terá dereito preferente a obter destino definitivo en centros dunha localidade ou ámbito territorial determinados, cando se encontre nalgún dos supostos descritos a continuación e pola orde de prelación en que se relacionan:

a) Por supresión ou modificación da praza ou posto de traballo que desempeñaba con carácter definitivo nun centro gozará, ata que obteña outro destino definitivo, de dereito preferente para obter outra praza ou posto noutro centro da mesma localidade onde estea situado o centro onde se lle suprimiu a praza ou posto ou, se for o caso, noutro do ámbito territorial que determine a correspondente Administración educativa.

b) Por desprazamento do seu centro por insuficiencia total de horario, nas mesmas condicións que os titulares dos postos suprimidos, de acordo co que determinen as administracións educativas convocantes.

c) Por ter pasado a desempeñar outro posto na Administración pública, con perda da praza docente que desempeñaba con carácter definitivo, e sempre que cesase no último posto.

d) Por ter perdido a praza ou posto de traballo que desempeñaba con carácter definitivo, tras a concesión da situación de excedencia voluntaria para atender o coidado de familiares e fillos prevista no artigo 89.4 da Lei 7/2007, do 12 de abril, polo transcurso do período de tempo que determine a normativa que se aplicará.

e) Por reincorporación á docencia en España, de conformidade cos artigos 10.6 e 14.4 do Real decreto 1138/2002, do 31 de outubro, polo que se regula a Administración do Ministerio de Educación no exterior, por finalización da adscrición en postos ou prazas no exterior, ou por algunha outra das causas legalmente establecidas.

f) En virtude de execución de sentenza ou resolución de recurso administrativo.

g) Cando tras ter sido declarado xubilado por incapacidade permanente fose rehabilitado para o servizo activo.

2. Cando concorran dúas ou máis funcionarias ou funcionarios de carreira en que se dean as circunstancias sinaladas no número anterior, adxudicarase a praza a quen conte con maior puntuación na aplicación do baremo de méritos a que se refire o artigo 19.

Artigo 18. *Dereito de concorrencia.*

1. Para os efectos da participación no concurso de traslados de ámbito estatal, enténdese por dereito de concorrencia a posibilidade de que varios funcionarios ou funcionarias de carreira con destino definitivo condicionen a súa voluntaria participación no concurso á obtención de destino nun ou varios centros dunha provincia determinada.

Poderá facer uso desta modalidade de participación o persoal funcionario de carreira dun mesmo corpo docente. Ademais, o persoal funcionario de carreira dos corpos de catedráticos de ensino secundario, de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño poderá participar conxuntamente co persoal funcionario dos respectivos corpos de profesores dos mesmos niveis de ensino.

2. O exercicio deste dereito terá as seguintes peculiaridades:

a) As persoas participantes incluírán nas súas peticións centros dunha soa provincia, a mesma para cada grupo de concorrencia.

- b) O número de persoas participantes en cada grupo será, como máximo, de catro.
- c) A adxudicación de destino virá determinada pola aplicación do baremo de méritos que se indica no anexo I.
- d) Esta modalidade de participación ten como finalidade que todas as persoas participantes dun mesmo grupo obteñan á vez destino nun ou varios centros dunha mesma provincia. No caso de que algún deles non puidese obter unha praza consideraranse desestimadas por esta vía todas as solicitudes do grupo.

Sección 4.^a *Resolución do concurso de traslados de ámbito estatal*

Artigo 19. *Resolución.*

1. O baremo de méritos que rexerá os concursos de traslados de ámbito estatal axustarase, para as prazas ou postos correspondentes aos distintos corpos, ás especificacións básicas que se recollen nos anexos I e II.

2. As administracións educativas farán pública a resolución do concurso de traslados de ámbito estatal convocado no seu ámbito de xestión polos medios que determinasen nas súas respectivas convocatorias.

Complementariamente, o Ministerio de Educación poderá facilitar a través da súa páxina web a consulta individualizada, mediante identificación persoal, do resultado da resolución tanto provisional como definitiva e datos de participación.

3. Os destinos adxudicados na resolución definitiva do concurso serán irrenunciabes.

4. Cando un posto quede vacante e mentres non se poida prover por calquera dos medios sinalados neste real decreto, proverase con carácter provisional na forma e cos requisitos que determinen as administracións educativas.

5. Os recursos contra as resolucións definitivas dos concursos de traslados, con independencia da Administración educativa a través da cal participase o persoal funcionario, deberaos dirixir e resolver a Administración educativa a que pertenza a praza obxecto do recurso, quen poderá solicitar tanta información considere necesaria á Administración educativa de procedencia do recorrente.

Disposición adicional primeira. *Solicitud de prazas ou postos doutras administracións educativas.*

O profesorado participante no concurso de traslados de ámbito estatal que dependa dunha Administración educativa cuxa lexislación funcional propia establece como prazo de permanencia na praza ou posto obtido por concurso de traslados un distinto do previsto no artigo 2.1 deste real decreto, para poder solicitar prazas ou postos de ámbitos de xestión doutras administracións educativas, deberá cumprir o establecido con carácter xeral no citado artigo en cuanto á permanencia mínima indicada nel.

Disposición adicional segunda. *Criterios para os desprazamentos.*

1. No caso do corpo de mestres, naqueles supostos en que se deba determinar entre varios mestres que ocupan postos da mesma especialidade quen é o afectado por unha circunstancia que implica a perda provisional ou definitiva do destino que viñan desempeñando, se ningún deles opta voluntariamente polo cesamento, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios:

- a) Menor antigüidade ininterrompida, con destino definitivo, no centro.
- b) Menor tempo de servizos efectivos como funcionario de carreira do corpo de mestres.
- c) Ano máis recente de ingreso no corpo.
- d) Menor puntuación obtida no procedemento selectivo a través do cal se ingresou no corpo.

Nos casos en que o número dos que soliciten cesar nunha especialidade fose maior que o daqueles que deban facelo, os criterios de prioridade para optar serán sucesivamente: a maior antigüidade con destino definitivo ininterrompido no centro; en caso de igualdade, o maior tempo de servizos efectivos como funcionario de carreira no corpo de mestres, e, en último termo, o ano máis antigo de ingreso e dentro deste a maior puntuación obtida no procedemento selectivo, a través do cal se ingresou no corpo.

2. Para o resto dos corpos docentes que imparten docencia, nos supostos en que se deba determinar entre varios profesores que ocupan prazas do mesmo tipo quen é o afectado por unha circunstancia que implica a perda provisional ou definitiva do destino que viñan desempeñando, se ningún deles opta voluntariamente polo cesamento aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios:

- a) Menor tempo de servizos efectivos como funcionario de carreira do corpo a que pertenza cada funcionario.
- b) Menor antigüidade ininterrompida, con destino definitivo, nas prazas.
- c) Ano máis recente de ingreso no corpo.
- d) Non pertenza, se for o caso, ao correspondente corpo de catedráticos.
- e) Menor puntuación obtida no procedemento selectivo a través do cal se ingresou no corpo.

No caso en que o número dos que soliciten cesar fose maior que o daqueles que deban facelo, os criterios de prioridade para optar serán sucesivamente: o maior número de anos de servizos efectivos como funcionario de carreira no corpo correspondente; en caso de igualdade, a maior antigüidade con destino definitivo ininterrompido na praza; de se manter a igualdade, atenderase ao ano máis antigo de ingreso no corpo, á pertenza ao correspondente corpo de catedráticos e, en último termo, á maior puntuación obtida no procedemento selectivo de ingreso no corpo.

Ao persoal funcionario de carreira dos corpos de catedráticos de ensino secundario, de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño para os efectos de determinar os servizos efectivos prestados como funcionario de carreira nesta disposición adicional teráselle en conta o tempo de servizos efectivos que anteriormente prestase como funcionario de carreira no respectivo corpo de profesores.

Disposición adicional terceira. *Antigüidade por desagregación, desdoblamento, fusión, transformación, supresión ou calquera outra situación que supoña modificación do destino definitivo.*

O persoal funcionario de carreira que obteña destino definitivo nun centro como consecuencia de desagregación, desdoblamento, fusión ou transformación total ou parcial de centro, supresión ou calquera outra situación que supoña modificación do destino que viña desempeñando, manterá, para os efectos de antigüidade no novo centro, a xerada no seu centro de orixe.

Disposición adicional cuarta. *Persoal funcionario do corpo de mestres.*

O persoal funcionario docente de carreira do corpo de mestres que superase os procedementos selectivos de ingreso convocados polas distintas administracións educativas e sexa titular da correspondente especialidade, ou fose habilitado para ela de acordo coa normativa anterior á entrada en vigor deste real decreto, poderá seguir participando nos concursos de traslado de ámbito estatal a prazas ou postos da súa especialidade ou a aquelas para as que foi habilitado.

Disposición adicional quinta. *Especialidades do corpo de mestres.*

Para os efectos da participación nos concursos de traslados de ámbito estatal as especialidades docentes do corpo de mestres son as que se relacionan no anexo III.

Así mesmo, terán a consideración de especialidades do corpo de mestres as propias da lingua cooficial naquelas comunidades autónomas que así o tivesen regulado.

Disposición adicional sexta. *Permutas.*

1. Poderanse autorizar excepcionalmente permutas entre persoal funcionario en activo dos corpos docentes cando concorran as seguintes condicións:

- a) Que desempeñen con carácter definitivo os destinos que se permutan.
- b) Que acrediten, polo menos, dous anos de servizos efectivos con carácter definitivo nas prazas obxecto da permuta.
- c) Que ambos os destinos sexan de igual natureza e correspondan a idéntica forma de provisión.
- d) Que aqueles que pretendan a permuta conten respectivamente cun número de anos de servizo que non difira entre si en máis de cinco.
- e) Que a unidade administrativa de que dependa cada unha das prazas emita informe previo favorable.

2. Cando a permuta se pretenda entre prazas dependentes de administracións educativas diferentes será necesario que ambas o autoricen simultaneamente.

3. No prazo de dez anos, a partir da concesión dunha permuta, non se poderá autorizar outra a calquera das persoas permutantes.

4. Non se poderá autorizar permuta entre persoal funcionario cando a algún deles lle falten menos de dez anos para facer a idade de xubilación legalmente establecida.

5. Deixaranse sen efecto as permutas se nos dous anos seguintes á data en que teñan lugar se produce unha excedencia ou xubilación voluntaria dalgunha das persoas permutantes.

6. A quen se lle autorizase a permuta non poderá participar nos concursos de provisión de postos ata que non acredite, polo menos, dous anos de servizos efectivos, a partir da data da toma de posesión, na praza a que se incorporou como consecuencia da concesión da permuta.

Disposición transitoria primeira. *Persoal funcionario do corpo de mestres adscritos aos cursos primeiro e segundo da educación secundaria obrigatoria.*

1. O persoal funcionario do corpo de mestres, que á entrada en vigor da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estivese adscrito con carácter definitivo a postos dos dous primeiros cursos da educación secundaria obrigatoria, poderá continuar nos ditos postos indefinidamente, así como exercer a súa mobilidade en relación coas vacantes destes dous primeiros cursos que para tal fin determine cada Administración educativa. Así mesmo, poderán exercer a súa mobilidade a prazas ou postos de educación infantil e primaria para os que estea habilitado e, caso de as obter, perderá toda opción a futuras vacantes dos cursos primeiro e segundo da educación secundaria obrigatoria.

2. No caso de supresión do posto dos cursos primeiro e segundo da educación secundaria obrigatoria, en que se estea adscrito con carácter definitivo, poderase seguir optando nos concursos de traslados á obtención dun novo destino nos ditos postos.

3. O dito persoal, no suposto de que accedese ao corpo de profesores de ensino secundario a través dos procedementos selectivos de acceso convocados polas distintas administracións educativas, poderá permanecer no seu mesmo destino, sempre e cando a especialidade pola que accedeu ao corpo de profesores de ensino secundario se corresponda coa praza ou posto desempeñado, como mestre, nos cursos primeiro e segundo da educación secundaria obrigatoria.

Disposición transitoria segunda. *Profesores técnicos de formación profesional.*

O persoal funcionario do corpo de profesores técnicos de formación profesional que, en virtude do establecido nas disposicións transitoria primeira do Real decreto 1701/1991, do 29 de novembro, transitorias segunda e quinta do Real decreto 1635/1995, do 6 de outubro, e na transitoria terceira do Real decreto 777/1998, do 30 de abril, á entrada en vigor da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, teña un destino definitivo en

prazas ou postos correspondentes a especialidades do corpo de profesores de ensino secundario, no suposto de que, a través dos procedementos selectivos de acceso convocados polas distintas administracións educativas, accedese ao citado corpo poderá permanecer no seu mesmo destino nos termos que se establezan nas respectivas convocatorias, sempre e cando a especialidade de acceso se corresponda coa da praza ou posto que desempeña con carácter definitivo.

Disposición transitoria terceira. *Persoal funcionario transferido.*

Os funcionarios de carreira que accederon á función pública docente mediante convocatoria realizada polo Ministerio de Educación antes de se completar o proceso de transferencia das competencias educativas ás comunidades autónomas e que non obtivesen o seu primeiro destino definitivo, poderán participar no concurso de traslados de ámbito estatal, para efectos de obter o seu primeiro destino definitivo nalguna das comunidades que no momento da convocatoria do proceso selectivo formasen parte do ámbito de xestión do Ministerio de Educación.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto e, singularmente, as seguintes:

- a) Real decreto 895/1989, do 14 de xullo, polo que se regula a provisión de postos de traballo en centros públicos de preescolar, educación xeral básica e educación especial.
- b) Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro, polo que se regulan os concursos de traslados de ámbito nacional para a provisión de prazas correspondentes aos corpos docentes.

Disposición derradeira primeira. *Participación das organizacións sindicais.*

As organizacións sindicais participarán nos procesos a que se refire este real decreto a través dos órganos de participación establecidos nas disposicións vixentes aplicables no ámbito de cada Administración educativa e de acordo co que se dispoña nesas disposicións.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

1. Este real decreto dítase ao abeiro das regras 1.^a, 18.^a e 30.^a do artigo 149.1 da Constitución, que reservan para o Estado a competencia para establecer as bases do réxime xurídico dos funcionarios públicos e as condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio do dereito á educación.

2. Os preceptos deste real decreto teñen carácter básico, con excepción dos artigos 1.3, 3, 5, 8.3, 9.3, 14, 15, alínea c do artigo 17.1, as disposicións adicionais segunda e terceira e a disposición derradeira primeira, que serán de aplicación directa nas cidades de Ceuta e Melilla e supletoria nas comunidades autónomas.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de outubro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación,
ÁNGEL GABILONDO PUJOL

ANEXO I

Especificacións a que se deben axustar os baremos de prioridades na adxudicación de destinos por medio de concurso de traslados de ámbito estatal nos corpos de funcionarios docentes que imparten docencia1. *Antigüidade*

1.1 Antigüidade no centro.

1.1.1 Por cada ano de permanencia ininterrompida, como persoal funcionario de carreira con destino definitivo, no centro desde o que concursa. Para os efectos desta subepígrafe unicamente serán computables os servizos prestados como persoal funcionario de carreira no corpo polo cal se concursa.

Polo primeiro e segundo anos: 2,0000 puntos por ano.

A fracción de ano computarase a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.

Polo terceiro ano: 4,0000 puntos.

A fracción de ano computarase a razón de 0,3333 puntos por cada mes completo.

Polo cuarto e seguintes: 6,0000 puntos por ano.

A fracción de ano computarase a razón de 0,5000 puntos por cada mes completo.

Nos supostos de persoal funcionario docente en adscrición temporal en centros públicos españois no estranxeiro, ou en supostos análogos, a puntuación desta subepígrafe virá dada polo tempo de permanencia ininterrompida na dita adscrición. Este mesmo criterio seguirase con aqueles que foron nomeados para postos ou outros servizos de investigación e apoio á docencia da Administración educativa sempre que o nomeamento supuxese a perda do seu destino docente.

Cando se cese na adscrición e se incorpore como provisional á súa Administración educativa de orixe, entenderase como centro desde o cal se participa o destino servido en adscrición, ao cal se acumularán, se for o caso, os servizos prestados provisionalmente, con posterioridade en calquera outro centro.

Cando se participe desde a situación de provisionalidade por térselle suprimido a praza ou posto que se viña desempeñando con carácter definitivo, por ter perdido o seu destino en cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, ou por provir da situación de excedencia forzosa, considerarase como centro desde o cal se participa o último servido con carácter definitivo, ao cal se acumularán, se for o caso, os prestados provisionalmente, con posterioridade, en calquera centro. Así mesmo, terán dereito, ademais, a que se lles acumulen ao centro de procedencia os servizos prestados con carácter definitivo no centro inmediatamente anterior ao último servido con carácter definitivo. Se for o caso, a dita acumulación estenderase aos servizos prestados con carácter definitivo nos centros que, sucesivamente, lles foron suprimidos.

No suposto de que non se desempeñase outro destino definitivo distinto do suprimido, terá dereito a que se lle acumulen ao centro de procedencia os servizos prestados con carácter provisional antes da obtención deste, caso en que a puntuación que se outorgue se axustará ao disposto na subepígrafe 1.1.2 do baremo.

O disposto nos dous parágrafos anteriores será igualmente de aplicación a aqueles que participen no concurso por ter perdido o seu destino en cumprimento de sanción disciplinaria de traslado forzoso con cambio de localidade de destino.

Nos supostos de primeiro destino definitivo obtido tras a supresión da praza ou posto que se viña desempeñando anteriormente con carácter definitivo, considerarase como servizos prestados no centro desde o que se concursa, os servizos que se acrediten no centro en que se lles suprimiu a praza e, se for o caso, os prestados con carácter provisional con posterioridade á citada supresión. Este mesmo criterio aplicarase a aqueles que obtivesen o primeiro destino tras perderen o anterior por cumprimento de sentenza, resolución de recurso, ou por provir da situación de excedencia forzosa.

1.1.2 Por cada ano como persoal funcionario de carreira en situación de provisionalidade, sempre que se participe desde esta situación: 2,0000 puntos por ano. A fracción de ano computarase a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.

Cando se trate de persoal funcionario de carreira que participe con carácter voluntario desde o seu primeiro destino definitivo obtido por concurso, á puntuación correspondente á subepígrafe 1.1.1 sumaráselle a obtida por esta subepígrafe. Unha vez obtido un novo destino non se poderá acumular esta puntuación.

1.1.3 Por cada ano como persoal funcionario de carreira en praza, posto ou centro que teñan a cualificación de especial dificultade, engadirase á puntuación obtida polas subepígrafes 1.1.1 ou 1.1.2 a de 2,0000 puntos. A fracción de ano computarase a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.

Non obstante, non se computará para estes efectos o tempo que se permanecese fóra do centro en situación de servizos especiais, en comisión de servizos, con licenzas por estudos ou en supostos análogos.

1.2 Antigüidade no corpo.

1.2.1 Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario de carreira nalgún dos corpos a que corresponda a vacante: 2,0000 puntos.

As fraccións de ano computaranse a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.

1.2.2 Por cada ano de servizos efectivos como persoal funcionario de carreira noutros corpos docentes aos cales se refire a LOE do mesmo ou superior subgrupo: 1,5000 puntos.

As fraccións de ano se computarán a razón de 0,1250 puntos por cada mes completo.

1.2.3 Por cada ano de servizos efectivos como persoal funcionario de carreira noutros corpos docentes aos cales se refire a LOE de subgrupo inferior: 0,7500 puntos.

As fraccións de ano computaranse a razón de 0,0625 puntos por cada mes completo.

1.3 Antigüidade nos corpos de catedráticos de ensino secundario, de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño.

Nos supostos recollidos nesta epígrafe 1, ao persoal funcionario destes corpos, para efectos de antigüidade tanto no centro como no corpo, valoraráselle os servizos prestados como persoal funcionario de carreira dos correspondentes corpos de profesores, así como os prestados como persoal funcionario de carreira dos antigos corpos de catedráticos de bacharelato, de escolas de idiomas e de profesores de termo de escolas de artes aplicadas e oficios artísticos.

2. *Pertenza aos corpos de catedráticos*

Por ser persoal funcionario de carreira dos corpos de catedráticos de ensino secundario, de música e artes escénicas, de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño: 5,0000 puntos.

3. *Méritos académicos: máximo 10 puntos*

Para os efectos da súa valoración por esta epígrafe, unicamente se terán en conta os títulos con validez oficial no Estado español.

3.1 Doutoramento, posgraos e premios extraordinarios:

3.1.1 Por posuír o título de doutor: 5,0000 puntos.

3.1.2 Polo título universitario oficial de máster, distinto do requirido para o ingreso na función pública docente, para cuxa obtención se exixisen, polo menos, 60 créditos: 3,0000 puntos.

3.1.3 Polo recoñecemento de suficiencia investigadora, ou o certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados: 2,0000 puntos.

Non se valorará este mérito cando fose alegado o título de doutor.

3.1.4 Por obter premio extraordinario no doutoramento, na licenciatura ou grao ou, no caso das titulacións outorgadas polos conservatorios superiores de música, pola mención honorífica no grao superior: 1,0000 punto.

3.2 Outras titulacións universitarias: as titulacións universitarias de carácter oficial, no caso de que non fosen as exixidas con carácter xeral para o ingreso no corpo desde o que se participa, valoraranse da forma seguinte:

3.2.1 Titulacións de grao: polo título universitario oficial de grao ou equivalente: 5,0000 puntos.

3.2.2 Titulacións de primeiro ciclo: pola segunda e restantes diplomaturas, enxeñarías técnicas, arquitecturas técnicas ou títulos declarados legalmente equivalentes e polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría: 3,0000 puntos.

No caso de persoal funcionario docente do subgrupo A2, non se valorará por esta subepígrafe, en ningún caso, o primeiro título ou estudos desta natureza que se presente.

No caso de persoal funcionario docente do subgrupo A1, non se valorarán por esta epígrafe, en ningún caso, o título ou estudos desta natureza que fosen necesarios superar para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que se presente.

3.2.3 Titulacións de segundo ciclo: polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñarías, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes: 3,0000 puntos.

No caso de persoal funcionario docente do subgrupo A1, non se valorarán por esta epígrafe, en ningún caso, os estudos desta natureza que fose necesario superar (primeiro ciclo, segundo ciclo, ou, se for o caso, ensinanzas complementarias), para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que se presente.

3.3 Titulacións de ensinanzas de réxime especial e da formación profesional: as titulacións de ensinanzas de réxime especial outorgadas polas escolas oficiais de idiomas, conservatorios profesionais e superiores de música e danza e escolas de arte, así como as de formación profesional, caso de non ter sido as exixidas como requisito para ingreso na función pública docente ou, se for o caso, non fosen necesarias para a obtención do título alegado, valoraranse da forma seguinte:

- a) Por cada certificación de nivel C2 do Consello de Europa: 4 puntos.
- b) Por cada certificación de nivel C1 do Consello de Europa: 3 puntos.
- c) Por cada certificación de nivel B2 do Consello de Europa: 2 puntos.
- d) Por cada certificación de nivel B1 do Consello de Europa: 1 punto.

Cando proceda valorar as certificacións sinaladas nas alíneas anteriores só se considerará a de nivel superior que presente o participante.

e) Por cada título de técnico superior de artes plásticas e deseño, técnico deportivo superior ou técnico superior de formación profesional ou equivalente: 2,0000 puntos.

f) Por cada título profesional de música ou danza: 1,5000 puntos.

4. *Desempeño de cargos directivos e outras funcións: máximo 20 puntos*

A puntuación por ano de desempeño de cargos directivos e de coordinación será a seguinte:

Director de centros públicos docentes: 4,0000 puntos.

A fracción de ano computarase a razón de 0,3333 puntos por cada mes completo.

Vicedirector, subdirector, xefe de estudos, secretario e asimilados: 2,5000 puntos.

A fracción de ano computarase a razón de 0,2083 por cada mes completo.

Cargos de coordinación docente, función titorial e figuras análogas: 1,0000 punto.

A fracción de ano computarase a razón de 0,0833 por cada mes completo.

5. *Formación e perfeccionamento: máximo 10 puntos*

As subepígrafes determinaranse na norma procedemental e deberanse reservar para as actividades de formación superadas, polo menos, 6 puntos, a razón de 0,1000 puntos por cada dez horas de actividades de formación acreditadas. De non constar outra cosa, cando as actividades de formación veñan expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.

A norma procedemental determinará igualmente as actividades de formación impartidas ou superadas que polo seu contido se poidan valorar. Entre estas actividades figurarán necesariamente as que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre os aspectos científicos e didácticos das especialidades correspondentes ao corpo a que pertenza o participante ou ás prazas ou postos a que opte.

A posesión doutra ou outras especialidades do corpo polo cal se concursa distintas á de ingreso nel, adquiridas a través do procedemento de adquisición de novas especialidades previsto nos reais decretos 850/1993, do 4 de xuño, 334/2004, do 27 de febreiro, e 276/2007, do 23 de febreiro, valorarase con 1,0000 punto por cada unha das especialidades adquiridas.

6. *Outros méritos: máximo 15 puntos*

A norma procedemental determinará cales deben ser estes méritos entre os que poderán figurar os méritos científicos, artísticos, os premios de ámbito autonómico, nacional ou internacional convocados por unha Administración educativa, a participación en proxectos de investigación ou innovación no ámbito da educación, así como, se for o caso, os derivados das peculiaridades lingüísticas que correspondan ao perfil dos postos dependentes de comunidades autónomas cuxa lingua propia teña o carácter de oficial cando destas peculiaridades non deriven requisitos para optar ao seu desempeño.

Dentro da epígrafe de valoración do traballo desenvolvido incluírase, entre outros, o desempeño de postos na Administración educativa, a avaliación da función docente, formar parte dos tribunais dos procedementos selectivos, a titorización das prácticas do título universitario oficial de máster para acreditar a formación pedagóxica e didáctica exixida para exercer a docencia en determinadas ensinanzas do sistema educativo, así como a titorización das prácticas para a obtención dos títulos universitarios oficiais de grao que o requiran.

Criterios de desempate:

No caso de se produciren empates no total das puntuacións, estes resolveranse atendendo sucesivamente á maior puntuación en cada unha das epígrafes do baremo conforme a orde en que aparezan nel. De persistir o empate atenderase á puntuación obtida nos distintos subpuntos pola orde, igualmente, en que aparezan no baremo.

En ambos os casos, a puntuación que se tome en consideración en cada epígrafe non poderá exceder a puntuación máxima establecida para cada unha delas no baremo nin, no suposto das subepígrafes, a que corresponda como máximo á epígrafe en que estean incluídas. Cando ao aplicar estes criterios, algunha ou algunhas das subepígrafes alcance a máxima puntuación outorgada á epígrafe a que pertence, non se tomarán en consideración as puntuacións do resto de subepígrafes. De resultar necesario, utilizaranse como criterios de desempate o ano en que se convocou o procedemento selectivo a través do cal se ingresou no corpo e a puntuación pola que se resultou seleccionado.

ANEXO II

Especificacións a que se debe axustar o baremo de prioridades para a provisión mediante concurso de traslados de ámbito estatal de postos correspondentes aos corpos de inspectores ao servizo da Administración educativa e de inspectores de Educación

1. *Antigüidade*

1.1 Por cada ano de permanencia ininterrompida, como persoal funcionario de carreira con destino definitivo, no mesmo cadro de persoal provincial ou, se for o caso, das unidades territoriais en que estea organizada a inspección educativa.

Polo primeiro e segundo anos: 2,0000 puntos por ano.

A fracción de ano computarase a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.

Polo terceiro ano: 4,0000 puntos.

A fracción de ano computarase a razón de 0,3333 puntos por cada mes completo.

Polo cuarto e seguintes: 6,0000 puntos por ano.

A fracción de ano computarase a razón de 0,5000 puntos por cada mes completo.

No caso de persoal funcionario obrigado a concursar por ter perdido o seu destino definitivo en cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, por provir da situación de excedencia forzosa ou por supresión expresa con carácter definitivo da súa praza, considerarase como posto desde o cal participa, para os fins de determinar os servizos a que se refire esta subepígrafe, o último servizo con carácter definitivo, ao cal se acumularán, se for o caso, os prestados provisionalmente, con posterioridade, en calquera posto de inspección educativa.

Igualmente, os mesmos criterios serán de aplicación ao persoal funcionario que participe desde o destino adxudicado en cumprimento de sanción disciplinaria de traslado forzoso, con cambio de localidade de destino.

1.2 Por cada ano como persoal funcionario de carreira en situación de provisionalidade: 2,0000 puntos por ano. A fracción de ano computarase a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.

Cando este persoal funcionario participe por primeira vez con carácter voluntario desde o seu primeiro destino definitivo obtido por concurso, á puntuación correspondente á subepígrafe 1.1 sumaráselle a obtida por esta subepígrafe.

1.3 *Antigüidade no corpo.*

1.3.1 Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario de carreira no corpo de inspectores ao servizo da Administración educativa ou no corpo de inspectores de Educación: 2,0000 puntos.

As fraccións de ano computaranse a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.

Para os efectos de determinar a antigüidade nestes corpos recoñeceranse os servizos efectivos prestados como persoal funcionario de carreira nos corpos de inspectores de procedencia e os prestados desde a data de acceso como docentes á función inspectora de conformidade coa disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

1.3.2 Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario de carreira noutros corpos docentes aos cales se refire a LOE: 1,0000 punto.

As fraccións de ano computaranse a razón de 0,0833 puntos por cada mes completo.

2. *Méritos académicos: máximo 10 puntos*

Para os efectos da súa valoración por esta epígrafe, unicamente se terán en conta os títulos con validez oficial no Estado español.

2.1 *Doutoramento, posgraos e premios extraordinarios:*

2.1.1 Por posuír o título de doutor: 5,0000 puntos.

2.1.2 Polo título universitario oficial de máster, distinto do requirido para o ingreso na función pública docente, para cuxa obtención se exixise, polo menos, 60 créditos: 3,0000 puntos.

2.1.3 Polo recoñecemento de suficiencia investigadora ou o certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados: 2,0000 puntos.

Non se valorará este mérito cando fose alegado o título de doutor.

2.1.4 Por obter premio extraordinario no doutoramento, na licenciatura ou grao: 1,0000 punto.

2.2 Outras titulacións universitarias: as titulacións universitarias de carácter oficial, no caso de que non fosen as exixidas con carácter xeral para o ingreso no corpo desde o que se concursa ou para o acceso, no seu día, aos postos de inspección educativa, valoraranse da forma seguinte:

2.2.1 Titulacións de grao: polo título universitario oficial de grao ou equivalente: 5,0000 puntos.

2.2.2 Titulacións de primeiro ciclo: pola segunda e restantes diplomaturas, enxeñarías técnicas, arquitectura técnica ou títulos declarados legalmente equivalentes e polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría: 3,0000 puntos.

Por esta subepígrafe non se valorarán en ningún caso, o título ou estudos desta natureza que fose necesario superar para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que se presente.

2.2.3 Titulacións de segundo ciclo: polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñarías, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes: 3,0000 puntos.

Por esta subepígrafe non se valorarán, en ningún caso, os estudos desta natureza que fose necesario superar (primeiro ciclo, segundo ciclo ou, se for o caso, ensinanzas complementarias) para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que se presente.

2.3 Titulacións de ensinanzas de réxime especial e da formación profesional: as titulacións de ensinanzas de réxime especial outorgadas polas escolas oficiais de idiomas, conservatorios profesionais e superiores de música e danza e escolas de arte, así como as da formación profesional, caso de non ter sido as exixidas como requisito para ingreso na función pública docente ou, se for o caso, non fosen necesarias para a obtención do título alegado, valoraranse da forma seguinte:

- a) Por cada certificación de nivel C2 do Consello de Europa: 4 puntos.
- b) Por cada certificación de nivel C1 do Consello de Europa: 3 puntos.
- c) Por cada certificación de nivel B2 do Consello de Europa: 2 puntos.
- d) Por cada certificación de nivel B1 do Consello de Europa: 1 punto.

Cando proceda valorar as certificacións sinaladas nas alíneas anteriores só se considerará a de nivel superior que presente o participante.

e) Por cada título de técnico superior de artes plásticas e deseño, técnico deportivo superior ou técnico superior de formación profesional ou equivalente: 2,0000 puntos.

f) Por cada título profesional de música ou danza: 1,5000 puntos.

3. *Formación e perfeccionamento: máximo 10 puntos*

As subepígrafes determinaranse na norma procedemental e deberanse reservar para as actividades de formación superadas, polo menos, 6 puntos, a razón de 0,1000 puntos por cada dez horas de actividades de formación superadas e acreditadas. De non constar outra cousa, cando as actividades de formación veñan expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.

A norma procedemental determinará igualmente as actividades de formación impartidas ou superadas que polo seu contido se poidan valorar. Entre estas actividades de formación figurarán necesariamente as que teñan por obxecto a función docente e inspectora.

4. *Outros méritos: máximo 20 puntos*

A norma procedemental determinará cales deben ser estes méritos, entre os que poderán figurar o desempeño de postos singulares de dirección correspondentes á estrutura organizativa da inspección educativa ou o desempeño de postos na Administración educativa de nivel de complemento de destino igual ou superior ao asignado con carácter xenérico aos postos de inspección educativa, as publicacións, a valoración do traballo desenvolvido en postos de inspección educativa, a pertenza a algún dos corpos de catedráticos, así como, se for o caso, os derivados das peculiaridades lingüísticas que correspondan ao perfil dos postos dependentes de comunidades autónomas cuxa lingua propia teñan o carácter de oficial, cando destas peculiaridades non deriven requisitos para optar ao seu desempeño.

Criterios de desempate:

No caso de se produciren empates no total das puntuacións, estes resolveranse atendendo sucesivamente á maior puntuación en cada unha das epígrafes do baremo conforme a orde en que aparezan nel. De persistir o empate, atenderase á puntuación obtida nas distintas subepígrafes pola orde, igualmente, en que aparezan no baremo.

En ambos os casos, a puntuación que se tome en consideración en cada epígrafe non poderá exceder a puntuación máxima establecida para cada unha delas no baremo nin, no suposto das subepígrafes, a que corresponda como máximo á epígrafe en que estean incluídas. Cando ao aplicar estes criterios, algunha ou algunhas das subepígrafes alcance a máxima puntuación outorgada á epígrafe a que pertence, non se tomarán en consideración as puntuacións do resto de subepígrafes. De resultar necesario, utilizaranse como criterios de desempate o ano en que se convocou o procedemento selectivo a través do cal se ingresou no corpo ou o de acceso, no seu día, á función inspectora e a puntuación pola cal se resultou seleccionado.

ANEXO III

Especialidades docentes do corpo de mestres

Educación infantil.
Primaria.
Pedagogía terapéutica.
Audición e linguaxe.
Educación física.
Música.
Idioma estranxeiro: inglés.
Idioma estranxeiro: francés.